



Recomendación dirixida ao Concello de Chantada para que se adopten as resolucións oportunas para dar cumprimento ao acordo da Xunta de Goberno Local de 17/01/2017

Expediente: B.9.Q/97/17

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2018

Sr. alcalde:

Con data 16/01/2017 (nº de rexistro de entrada 274/17) recibimos un escrito de [REDACTED] no que denunciaba obras e actividades ilegais dunha terraza traseira do bar [REDACTED] obras que lle ocasionaban problemas de humidade, ruídos e falta de luz e vistas á súa vivenda.

Xuntábanos, no seu escrito, copia do informe do arquitecto do servizo de urbanismo don Juan García Pérez, de data 22 de setembro de 2016, no que se concluíu que: *“Dado que se está realizando un uso sen axustarse ao título habilitante concedido a alcaldía dispoñerá a suspensión inmediata do devandito acto e procederá a incoar o expediente de reposición da legalidade urbanística comunicándollo ao interesado, segundo o artigo 152 da L.S.G. adoptándose ademais o resto das medidas que fixa o referido artigo”.*

Admitido a trámite o escrito, con data 20 de xaneiro de 2017 (registro saída 1059/17), dirixímonos ao alcalde de Chantada dándolle conta do contido do mesmo e solicitándolle información sobre o problema que motivou a queixa e en particular sobre as medidas adoptadas despois do informe do arquitecto municipal.

Con data 31/01/2017 recibimos escrito do concello (nº rexistro de saída 80) no que se nos informa que a Xunta de Goberno local en sesión celebrada o día 17/01/17 acordou: *“Requirir a [REDACTED] de Cafetería Bar [REDACTED] para que no prazo de tres meses presente a solicitude da oportuna licenza ou comunicación previa correspondente, manténdose a suspensión acordada o 04/10/2016 de obras e usos, ata que a licenza fose outorgada ou se*

presentase a comunicación previa. En caso de non solicitar licenza, de denegar esta ou de non cumprir os requisitos legais para a comunicación previa, acordarase a demolición das obras á custa do interesado e procederase a impedir definitivamente os usos aos que desen lugar."

Con data 26/05/2017 recibimos un novo escrito da sra. ██████ no que nos informa que o concello de Chantada non cumpre os acordos da Xunta de Goberno de datas 04/10/2016 e 17/01/2017, manténdose a mesma situación que tiña denunciado.

Diso démoslle conta no noso escrito de data 01/06/2017 (nº rexistro de saída 6697/17) e solicitándolle que nos informase das actuacións que se levaron a cabo polo concello en relación con este tema.

Con data 05/07/2017 recibimos o seu escrito (data 03/07/2017, rexistro de saída 2017-S-RC-810) onde, de novo, nos notifica os acordos da Xunta de Goberno Local de data 04/10/2016 e 17/01/2017.

Con data 07/07/2017 remitímonoslle un novo escrito no que lle facíamos saber que a información remitida xa era coñecida por esta Institución e que seguíamos sen saber se se adoptou algunha outra medida, descoñecendo se don ██████ da cafetería ██████ solicitou licenza ou comunicación previa, se foi outorgada ou non, e, no seu caso, que medidas se adoptaron en cumprimento do acordo de 17 de xaneiro de 2017.

Esta información era a que lle solicitábamos no noso escrito do 1 de xuño de 2017 e sobre a que, neste novo escrito de 07/07/2017, lle volvíamos de novo a solicitar.

Con data 31/07/2017 recibimos o seu novo escrito (data 22/07/2017, nº rexistro saída 942) no que se nos informa do arquivo pola fiscalía nas dilixencias preprocesais penais incoadas en virtude da denuncia presentada por ██████ e de novo se nos aporta a documentación xa coñecida que fai referencia ao acordo da Xunta de Goberno Local de 04/10/2016, do informe do arquitecto municipal de data 22/09/2016, e da notificación a ██████ do acordo do 04/10/2016.

Con data 05/09/2017 remitímoslle un novo escrito no que lle facíamos constar de novo que non nos aclara nada do solicitado e ante a denuncia de que todo segue na mesma situación en relación ao bar ██████ instabámoslle a que nos informase das medidas adoptadas para dar cumprimento aos acordos da Xunta de Goberno Local.

En escritos posteriores de 06/10/2017, 16/10/2017, 21/11/2017 solicitámoslle de novo información sobre esta cuestión, facéndolle con data 21/12/2017 un recordatorio de deberes legais.

Con data 08/01/2018 recibimos un e-mail no que se nos reitera de novo, como toda contestación, o acordo da Xunta de Goberno do 17/01/2017, aclarando que como *“efectivamente a situación non mudou. procede decidir polo Concello unha execución en firme das consecuencias do acordado, do que será informada esa Institución en breves días”*.

Con data 15 de xaneiro de 2018 indicámoslle que se limita unha vez máis a remitirnos o acordo da Xunta de Goberno Local de 17/01/2017, observando unha clara pasividade e inactividade por parte do concello e recordándolle a obrigaón que ten de cumprir os seus propios acordos.

Mantiñámonos á espera de que se nos comunicase as medidas adoptadas para a súa execución, tal como nos indicaba no seu escrito de 08/01/2018.

Con data 3 de maio de 2018 remitímoslle un novo escrito no que lle indicabamos que o concello de Chantada persistía na súa actitude de non enviar a información solicitada, de novo nos escritos con data 15/02/2018 e 02/04/2018 e facíámoslle un segundo recordatorio de deberes legais.

Con data 15/05/2018 recibimos un novo escrito do concello no que nos remite de novo a información recibida o pasado día 08/01/2018.

É doado deducir do relato dos feitos non só a inactividade do concello na tramitación deste expediente senón que percibimos a clara vontade de manter a situación sen adoptar ningún tipo de resolución a pesar que desde, polo menos, o día 22 de novembro de 2016, o concello é coñecedor de que por parte do Bar ██████ estase realizando un uso sen axustarse ao título habilitante concedido, dispoñendo desde o 04/10/2016 por acordo da Xunta de Goberno Local a suspensión das obras e usos e acordándose o 17/01/2017 requirir ao propietario para que no prazo de tres meses presente solicitude de licenza ou comunicación previa acordándose a demolición das obras se non fose solicitada ou fose denegada.

Parece ser que a día de hoxe a pesar dos acordos municipais todo segue igual.

Por estas razóns e en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facémoslle chegar a ese concello a seguinte **recomendación**:

“Que polo Concello de Chantada se adopten as resolucións oportunas para dar cumprimento ao acordo da Xunta de Goberno Local de 17/01/2017”.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Reciba un atento saúdo.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo